



SAL. 01550 11/12/14 09:36

Á vista do escrito de dona Ana María Porto Castro, profesora titular e directora do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización das prácticas do alumnado dos Graos en Pedagogía, Mestre/a en Educación Infantil e Mestre/a en Educación Primaria, impartidos na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, esta REITORÍA

-Considerando que o Instituto de Ciencias da Educación (ICE) arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións de Grao coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

RESOLVE

Autorizar a realización das prácticas do alumnado dos Graos en Pedagogía, Mestre/a en Educación Infantil e Mestre/a en Educación Primaria nas instalacións do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- As prácticas que realicen os alumnos/as terán a seguinte carga docente

Grao en Pedagogía.-

Practicum I: 12 créditos ECTS, materia cuadrimestral.

Practicum II: 18 créditos ECTS, materia anual

Graos en Mestre/a en Educación Infantil e Primaria.-

Practicum I : 12 créditos ECTS, materia semestral

Practicum II: 18 créditos ECTS, materia semestral

Practicum II: 12 créditos ECTS, materia semestral.

- Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límites que establece os respectivos planos de estudos para estes efectos..
- O obxecto das prácticas que se van realizar consistirá na realización de tarefas e contactos cos profesionais do ámbito educativo.
- Estas prácticas realizaranse no período que determine a Facultade de Ciencias da Educación, dacordo coa Directora do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.

- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Facultade de Ciencias da educación nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, a dirección do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) nomeará a un titor/a que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do Instituto de Ciencias da Educación (ICE).
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, a Directora do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2014

O REITOR



Juan M. Viaño Rey

SRA. DECANA DA FACULTADE DE CC. DA EDUCACION
SRA. ANA M^a PORTO CASTRO
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA